

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE SETEMBRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 9 de setembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 2a e 4)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 5a, 6a e 11a)
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 5b e 6b)
D^a. Pilar Alonso Cacheiro, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 8, 9a e 10a)
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 9b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11b)
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto 14)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.
 2. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a SACAFERRO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar un novo DEUC coa parte III "Motivos de exclusión" debidamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta "Conflicto de intereses debido a su participación en el procedimiento de contratación".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro Industrial do Programa Next Generation UE e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 31 de agosto de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial e o xefe do Servizo de Comercio o 2 de setembro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" así como o informe que corrixe o anterior de data 8 de setembro de 2022.

Á vista do informe a Mesa acorda solicitar ao servizo xestor unha maior motivación.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do Colexio Vila Laura" (1.229-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	PROSEMA NOROESTE, S.L.	317.800,00 €

Asisten á apertura D. Noel Soto Rodríguez con DNI **.13.48*, en representación de PROSEMA NOROESTE, S.L. e D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **.13.54*, en representación da Federación Gallega Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou solicitar unha maior motivación na valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 26 de agosto de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERINZA SOLUTIONS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 2 de setembro de 2022 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ó orzamento detallado".



A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 2 de setembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que con data do 6 de setembro de 2022 o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director do Museo Municipal "Quiñones de León" emitiron informe valoración do sobre B "proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación, e o 7 de setembro emitiron informe que corrixe o anterior.

Infórmase que, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na cláusula 20.1 do PCAP e comprobar se o licitador con maior puntuación, LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA, está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar comprobouse que o licitador non figura inscrito nin no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas nin no Rexistro Xeral de Contratistas da CCAA de Galicia.

A cláusula 8.2 do PCAP establece de conformidade co artigo 159.4a) da LCSP que "Para participar neste procedemento os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou, no seu caso, no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Para estes efectos, tamén se considerará admisible que o licitador acredite ter presentada a solicitude de inscrición no Rexistro correspondente xunto coa documentación preceptiva para ela, sempre que a dita solicitude teña data anterior á data límite de presentación do ofertas. A acreditación desta circunstancia realizarase achegando o xustificante de recepción da solicitude expedido polo Rexistro correspondente, e unha declaración responsable de ter achegado a documentación preceptiva e de non ter recibido solicitude de rectificación".

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, e con carácter previo a aceptación do informe de valoración do sobre B, conceder un prazo de tres días a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE, SUCURSAL EN ESPAÑA para que poida acreditar estar inscrito no rexistro oficial da correspondente Comunidade Autónoma ou achegar a correspondente solicitude de inscrición con carácter previo ao fin de prazo de presentación das ofertas, de conformidade coa cláusula 8.2 do PCAP e o artigo 159.4a) da LCSP.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ICTI INTERNET PASSION, S.L.	88.13
2	SERINZA SOLUTIONS, S.L.	70.00
3	SMARTWORLD TELECOM, S.L.	57.67

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13.327.168), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da solvencia económica e o anexo V do PCAP por terse presentado no sobre A. Respecto da solvencia técnica, o licitador presentou unha declaración (táboa) doutros contratos similares pero esta documentación non resulta suficiente ao abeiro do esixido na cláusula 8.8.3º polo que deberá completala (“Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3.230-341)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a achega de documentación.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra que con data do 29 de agosto de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 26 de agosto, concedeuse un prazo de 3 días a RECALVI, S.L. para que emendase a seguinte documentación:

- "Solvencia económica: deberá acreditala segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP ("Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").
- Solvencia técnica: deberá acreditala segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.4.3º do PCAP ("... mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación").
- Habilitación profesional: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: "*os talleres deberán estar legalmente inscritos e clasificados en función das ramas de actividade esixidas (cláusula 4.1.A do PPTP) de acordo coas condicións legais establecidas no Decreto 108/2017, do 2 de novembro, que modificou parcialmente o Decreto 70/2011, do 7 de abril, que regulan actividade industrial, prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, equipamentos e compoñentes, especificados pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.*

Asemade deberán dispoñer de:

- *Licenza de actividade conforme á Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera*
- *Número de inscrición no rexistro como produtor de residuos e identificación do xestor de residuos que ten contratado"*

Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación. Dado que non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acredita posuír a habilitación profesional esixida no PCAP (só achega habilitación de SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L.), comprobouse de oficio. Entrégase o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do 8 de setembro de 2022 sobre a habilitación profesional do licitador e os outros dous terceiros cos que concorre a esta licitación.

Tras o seu exame a Mesa considera que o licitador non cumprimentou adecuadamente o requirimento formulado polos seguintes motivos:

1. Non se pode entender acreditada a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP dado que as facturas presentadas correspondentes ao licitador e ao terceiro (SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L.), non pertencen ao mesmo ano (2021 e 2019, respectivamente), polo que non resulta acreditado que posúa a solvencia requirida nun dos últimos tres anos.
2. O licitador non acredita estar en posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5F do PCAP, unicamente achega documentación relativa ao terceiro (SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L.) (licenza de actividade, inscrición no rexistro de produtores de residuos e no rexistro industrial da CCAA de Galicia na rama de mecánica).

Respecto do requisito da habilitación profesional, entre outras resolucións, o OARC de Euskadi na súa resolución 77/2018 afirma que non é posible integrar a capacidade ou a habilitación profesional por medio de terceiros. En efecto, o licitador achegou no sobre A o anexo III "Posta a disposición de medios por un terceiro" do PCAP asinado polos representantes de WAVECORE, R&C MOTOSPORT e SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L., declarando a posta a disposición da súa solvencia, que non habilitación profesional, a favor de RECALVI, S.L.

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución nº 454/2020 do, do 26 de marzo de 2020 establece "*como se matizou polas Juntas Consultivas, infírese que as habilitacións empresariais son requisitos de capacidade para contratar e que no poden ser confundidas cos propios de esixencia de solvencia técnica ou profesional*", de aí que o licitador debe posuír a habilitación profesional sen prexuízo da posibilidade de concertar con terceiros os traballos de actividade de chapa, pintura e electricidade, non a de mecánica (cláusula 5 do PPT).

Segundo o informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 8 de setembro de 2022, o licitador non está inscrito no Rexistro Industrial en ningunha das ramas de actividade previstas na cláusula 4.1A do PPT, non figura como produtor de residuos e só dispón de licenza de actividade para reposición de pezas.

Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade, ao non terse cumprimentado adecuadamente o requirimento formulado a RECALVI, S.L. no prazo concedido, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar TALLERES FONTÁN, S.L.U. (B-36.634.756), en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 12 de maio de 2022.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 3.598.545,52 euros con iva, sendo o IVE 624.540,96 euros, e co seguinte distribución de anualidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

PERIODO	DATAS	IMPORTE CON IVE	APLICACIONES ORZAMENTARIA
2022	16/09/2022- 31/12/2022	264.892,93 €	3420.2270000
2023	01/01/2023- 31/12/2023	899.636,38 €	3420.2270000
2024	01/01/2024- 31/12/2024	899.636,38 €	3420.2270000
2025	01/01/2025- 31/12/2025	899.636,38 €	3420.2270000
2026	01/01/2026- 15/09/2026	634.743,45 €	3420.2270000
		3.598.545,52 €	

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2270000"limpeza" e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022:

1. LIMPIEZAS CIES, S.L.
2. GARBIALDI, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	91.65



2	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	84.97
3	SACYR FACILITIES, S.A.	75.95
4	EULEN, S.A.	63.07

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A (A-27.843.192), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A, o día 29 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022:

- LIMPIEZAS CIES, S.L.
- GARBIALDI, S.A.

Adxudicar a SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A (A-27.843.192) o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611), coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 3.299.738,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 572.681,89 euros, co seguinte detalle:

	Importe C/IVE	IVE
Parte fixa	3.123.948,96 €	542.172,96 €
Parte variable	175.789,53 €	30.508,93 €
Prezo total	3.299.738,49 €	572.681,89 €

- b) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpezaas especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias do 59,88%.*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no*



apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de cristais en altura e limpeza en altura, así como conducións de aire do 59,88%.

- d) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de resinas do 59,88%.
- e) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza extraordinarias de eventos deportivos e COVID do 3,72%.
- f) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para os supostos de modificacións da parte fixa do contrato do 8,74%.
- g) Comprométese a que todos os produtos de limpeza que se utilizarán durante a execución do contrato deberán posuír a etiqueta ecolóxica tipo I, segundo a norma UNE-EN ISO 14024:2018 ou equivalente.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para contratar contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministrados da ampliación da iluminación decorativa de Vigo na Campaña do Nadal 2022-2023.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 28/06/2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 780.837,20 €, que inclúe un IVE de 135.517,20 €, desde o 1 de outubro de 2022 ata o 31 de xaneiro de 2025, o cal se imputará a partida 4310.2279900 "Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal"

Ano	Período	Importe
2022	1 de outubro de 2022 ata 31 de decembro de 2022	624.669,76 euros
2023	1 de xaneiro de 2023 ata 31 de xaneiro de 2023	156.167,44 euros
TOTAL		780.837,20 euros

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a



documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 30 de agosto de 2022 e o acordo da Mesa de Contratación do 2 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106) coas seguintes condicións:

1. O prezo total do contrato é de 773.028,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 134.162,03 euros.
 - a)
2. Propón o seguinte incremento de elementos decorativos:
 - a) Incrementa o número de arcos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 60 unidades e coa seguinte distribución:
 - Modelo ARC 06: 40 unidades
 - Modelo ARC 08: 20 unidades
 - b) Incrementa o número de motivos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 100 unidades e coa seguinte distribución:
 - Modelo MOT 09: 75 unidades
 - Modelo MOT 49: 25 unidades
 - c) Incrementa o número do conxunto de elementos en relación co esixido no anexo 1B do PPT en 30 árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade.
 - d) Incrementa a porcentaxe do stock de seguridade esixida na cláusula 3.5 do PPT nun 5%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335)

Dáse conta do recurso interposto por D^a. Lorena Reboredo Díaz, en representación de KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. de data 6 de setembro de 2022 contra o acordo da Mesa de Contratación do 26 de agosto de 2022 polo que se entende que KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. non cumprimentou a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP e se requiriu a mesma documentación aos licitadores clasificados en segundo lugar nos lotes 1, 2, 3 e 4.

Consta a representación da recorrente no expediente e, aínda que non cualificado, enténdese interposto recurso de alzada contra o referido acordo.

Á vista do recurso a Mesa acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Desestimar o recurso interposto por D^a. Lorena Reboredo Díaz, en representación de KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. polos seguintes motivos:
 - O licitador non acreditou solvencia técnica suficiente para os catros lotes nos que resultou clasificado en primeiro lugar, pero é certo que si posuía solvencia técnica para algún lote, no entanto,
 - Se ben non se indicou na acta do 26 de agosto de 2022, o licitador non acreditou correctamente a súa capacidade de obrar para os catro lotes nos que resultou clasificado á vista do obxecto social recollido no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ROLECE). O licitador achegou certificado de alta no IAE pero a este respecto cómpre indicar a Junta Consultiva de Aragón pronunciouse con claridade no seu Informe 2/2013, sinalando que a situación censual no imposto sobre actividades económicas constitúe proba de estar ao corrente de obrigas tributarias (polo tanto, en canto requisito de aptitude para contratar, acreditación de non incorrer na prohibición de contratar consistente en non atoparse ao corrente de obrigas tributarias ex art. 71.1 d LCSP), pero en ningún caso o é da capacidade para contratar.
2. Rectificar o acordo da sesión da Mesa de Contratación de data 26 de agosto de 2022:

Onde di: *“En relación coa documentación presentada por KOREMI REHABILITACIÓN, S.L para os lotes 1, 2, 3 e 4, non se acredita correctamente a solvencia técnica dado que os certificados achegados polo licitador doutros contratos similares non indican importe, polo que non se pode constatar que dispoña da solvencia esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP (“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao ao 70% prezo do lote correspondente”).*

Debe dicir: *“En relación coa documentación presentada por KOREMI REHABILITACIÓN, S.L para os lotes 1, 2, 3 e 4, non resulta acreditada a capacidade de obrar atendendo ao obxecto social recollido no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ROLECE) e non é admisible a acreditación de tal requisito mediante a certificación de alta no IAE (Informe 2/2013 da Junta Consultiva de Aragón), e tampouco acredita posuír a solvencia técnica esixida para os lotes 1, 2, 3 e 4 no seu conxunto, aínda que si para algún lote/s, pero sen capacidade de obrar o licitador non cumpre cun dos requisitos de aptitude para contratar”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC4A-EFBEB9-5435CB-TGWZWR-KBZS5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		